



O ollo e a fonte

Almudena Otero Villena, Axóuxere, Araño, Rianxo, A Coruña, 2017, 120 pp.

Chama a atención a portada deste pequeno volume de grato e coidado deseño. A imaxe: un ollo desmesuradamente aberto. O título: grandes caracteres árabes, mais a súa transcripción ao noso alfabeto (*'ayn*) e a versión ao galego: *O ollo e a fonte*. Traspasado este limiar, un confirma o significado desa expresión («*'ayn*: fonte que mana, ollo que contempla») e decátase da súa procedencia: a tradición islámica do sufismo. Velaquí, pois, un libro que parece convidarnos a aguzar a mirada, a contemplar, a fluír coa súa lectura.

De que tratan estas páxinas? Dese fenómeno tan elusivo e complexo ao que denominamos mística, en palabras da autora, «da unión co divino, de como o ser humano se transforma en deus». Cinco capítulos que, aín-

da que susceptibles de lectura autónoma, conforman un equilibrado e polifónico conxunto. Catro deles dedícanse a outras tantas figuras egrexias do misticismo medieval: Matilde de Magdeburgo («A palabra erótica»), o mestre Eckhart («A [non] verdade do Mestre Eckhart»), Hildegarda de Bingen («As metamorfoses dá presenza: a luz, a música, a danza»), e Ibn 'Arabí («O un e ou múltiple: as xeografías dá fala»). Ao fío do discurso vanse tecendo lazos comparativos entre estas catro figuras e facendo referencia, máis ou menos de pasada, a outras e outros peregrinos do Absoluto: Hadewich de Anveres, Margarita Porete, Ángela da Foligno, Teresa de Ávila, Juan de la Cruz Teilhard de Chardin, Simone Weil.

1 Almudena Otero Villena –doutora en Filoloxía Alemá, tradutora e profesora– ten publicados varios artigos na nosa revista. Recentemente editou a obra dunha das místicas estudadas no libro aquí resaltado: Matilde de Magdeburgo, *La luz que fluye de la divinidad*, tradución e prólogo de Almudena Otero Villena, introdución de Hans Urs von Balthasar, Herder Barcelona, 1916.

Ofrécensenos, pois, catro aproximacións a aquilo do que, desde diferentes ángulos, dan conta esas catro persoas: a súa experiencia da misteriosa Realidade á que chamamos Deus. Un Deus dinámico «fluxo eterno de amor, sempre fluíndo derramándose, manando, florecendo» (Matilde). Un Deus paradoxal, que me dá a luz eternamente como ao seu Fillo único, á vez que «eu son Pai e dou a luz a aquel de quen nacín» (Eckhart). Unha divindade que é luz que invade o universo e inflámao, «luz fluíndo, luz líquida, luz inaprensible»; unha luz que á vez é música que nos arrastra nunha danza namorada con Deus (Hildegarda). Un Deus ininterrompidamente creador, que renova o cosmos a cada momento e fai da nosa existencia e da nosa relación con el unha viaxe incesante (Ibn 'Arabí). En definitiva, e en todos os casos, un Deus, espazo aberto, infinito, que non se deixa apresar por ningún concepto. Que impulsa a traspasar as fronteiras da razón ordinaria, a abandonar o apego ao pequeno eu, e a deixarse fluír nas augas da Vida.

Imposible entrar polo miúdo en cada unha destas ricas e

pouco convencionais aproximacións. Só sinalarei algúns trazos da mirada peculiar que, na miña opinión, unificaas a todas elas. En primeiro lugar, préstase unha coidadosa atención á textura lingüística dos libros examinados. Malia a non tratarse dunha obra técnica, conxúganse nela a esixencia analítica e o amor á palabra propios da máis xenuína filoloxía. Así, á mantenta do libro de Matilde –obra aberta, fragmentaria, fluída– sublíñanse as diferenzas entre o seu texto en lingua vulgar (baixo alemán) e o traslado posteriormente feito ao latín: a suxestiva expresión metafórica do primeiro transfórmase en académica linguaxe unívoca; así mesmo, as alusións fortemente eróticas daquel atenúanse e espiritualízanse na nova versión. Esta, desde unha perspectiva máis conceptual e en aras da ortodoxia, parece empeñada en quitar mordente á expresión fluída e erótica de Matilde, que tan eficaz era para suxerir a estreita unión coa divindade. De modo análogo, a autora sinala a vitalidade e o pulo expresivo dos sermóns en lingua vulgar de Eckhart fronte ás súas obras latinas. Ademais, advirte como grazas ao seu sistemático uso do

paradoxo, o Mestre transcende «unha linguaxe que é representación dunha experiencia para facer da linguaxe experiencia». Esta mirada filolóxica é plurilingüe (os textos en alemán, latín, e árabe son vertidos ao galego e glosados nesta lingua) e, polo tanto, pluricultural e plurirreligiosa: a exploración do ámbito da mística cristiá enriquecese cunha espléndida incursión na do islamismo.

Sen embargo, non se trata dun achegamento arqueolóxico. Quen escribe é unha persoa nova, moi sensible ao espírito do noso tempo –coas súas luces e sombras– e que comparte as perplexidades e incitacións que os vellos textos poden espertar en quen os le nesta segunda década do século XXI. Por iso non escasean as referencias a pensadores e escritores contemporáneos, ou precursores deles, que enriquecen e actualizan, sequera por contraste, a lectura dos místicos: Nietzsche, Heidegger, Bataille, Deleuze e Guattari, Michel Houellebecq, Julia Kristeva, Jean-Luc Marion, Borges, Lacan, Richard Rorty, Italo Calvino.

Outro dos trazos unificadores deste libro é a atención sos-

tida –pero non excluín-te– que se brinda ás mulleres, non só ás máis destacadas místicas senón tamén ás palabras escritas e silenciadas de tantas delas ao longo do espazo e do tempo. Por iso non desentoa do conxunto o cuarto capítulo que, ampliando o foco e desbordando o tratamento autor por autor, fai máis explícita a mirada feminina que preside todo o texto. O excelente ensaio «Os espazos invisibles e as palabras das mulleres», significativamente aberto cunha cita de Simone Weil e pechado coa glosa dun poema de Emily Dickinson, explica como se configura a identidade da muller a través das palabras e dos espazos que a definen e, á vez, a expresan. Resultan reveladores o cotexo entre a clausura conventual e o peche no harén, a análise da ambivalente función de ambos espazos así como a referencia á rica tradición oral e escrita que mana deles.

O libro baséase –máis alá da amentada pericia filolóxica da autora– nun solvente coñecemento das fontes místicas (e familiaridade con elas) e da literatura secundaria, particularmente da escrita en alemán, o que permite marcar as achegas

específicas de cada unha das figuras examinadas dentro da tradición mística cristiá e extracristiá. Pero tal rigor non anula a actitude exploratoria que aventura interpretacións persoais, nin o propósito ensaístico, no mellor sentido da expresión. Hai nestas páxinas tan ben escritas unha notoria vontade de estilo e unha tensión expresiva particularmente acentuadas nalgúns capítulos ou nalgúns tramos deles. Véxase, por exemplo, como a presentación da vida e da obra, das palabras e dos conceptos clave de Ibn Arabí, entrelazada ao redor da imaxe da viaxe, se

converte nunha sorte de reescritura poética. Xa o texto inicial –que adiantaba algunhas claves de pensamento e estilo– deixaba entrever a vontade poética que anima a obra.

Convidamos a alargar o propio territorio intelectual e afectivo –espiritual– mediante a viaxe a través das palabras tan sabia e belamente entretecidas neste suxerinte libro. Participe-mos, pois, na relectura e recreación, no diálogo aberto, na incitante conversa á que Almudena Otero Villena nos introduce.

Ramón Cao Martínez